



***CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO
PEN GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2017***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar convenio co CENTRO PEN DE GALICIA, por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

-A realización dunha homenaxe ao poeta Víctor Campio Pereira “O aire, a luz e o canto”. O evento organízase conxuntamente co Ateneo de Ourense e terá lugar no Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense o vindeiro 19 de novembro de 2017, para o cal contará coa participación de Manuel Outeiriño, Edelmiro Vázquez Naval, Luís González Tosar, o grupo Dolmen e unha actuación musical. O acto literario pretende poñer de manifesto a figura e a obra do escritor ourensán, nado en Garabás-Maside longo dunha ampla traxectoria literaria.

-A celebración do Premio Pen Galicia, que con carácter bianual, está dirixido a escritores e escritoras galegos e galegas que teñan destacado na defensa da liberdade de expresión. O fallo dos premios está previsto para o vindeiro 26 de outubro de 2017 e difundirase a través dos medios de comunicación; a entrega do galardón terá lugar na segunda quincena do mes de novembro de 2017 no transcurso dun acto literario.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto o Centro Pen de Galicia é o que ten entre os seus fins a promoción e apromoción e realización deste premio..

Polo que o Centro Pen de Galicia, é o que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterio obxectivos, así coma o de beneficiario da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, o 11 de outubro de 2017

